

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES ORIENTADAS A AXUDAS POLOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DA IMPOSIBILIDADE DE ADESTRAR NO CAMPO MUNICIPAL DAS TRAVESAS DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2022/2023.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír a financiar os gastos extraordinarios ocasionados polos desprazamentos en transporte colectivo vinculados coa imposibilidade de adestrar no campo municipal das Travesas por mor das obras de reposición do terreo de xogo durante a tempada deportiva 2022-2023.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 15.000,00€ (Quince mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00 "Subvencións a clubs e entidades sen ánimo de lucro" e a súa bolsa de vinculación.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que desenvolvan o seu proxecto deportivo na cidade de Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
2. Ter desenvolvido na tempada 2021-2022 un programa de adestramento e competición programado mediante o procedemento formal de "*Reserva e aluguer de instalación deportiva para a tempada deportiva*" no campo de fútbol municipal das travesas. Este extremo comprobarase de oficio por parte do servizo de deportes, incorporando o dato no informe de resolución da convocatoria.
3. As entidades deberán estar integradas na federación correspondente, tendo a obriga de ter un mínimo de 50 licencias vixentes na tempada 2022/2023 ou no ano 2023 se se trata de modalidades que desenvolven a súa tempada por ano natural.
4. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.



SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.